



**ALCALDE**  
**ALCALDE**  
DE  
**CAMBADOS**  
(PONTEVEDRA)

## **ORDENANZA REGULADORA DO ORNATO DA VILA DE CAMBADOS E DOS SEUS ARREDORES**

**(MODIFICADA)**

### **PROLOGO:**

A necesidade de preservar a limpeza e o aspecto xeral que un municipio costeiro, cunha importante parte do mesmo declarado como Conxunto Histórico-Artístico e con aspiracións a fomentar a industria turística, está obrigado a presentar, fai que, (de acordo cos artigos 21.1 e 245, do Texto Refundido da Lei sobre o Réxime do Solo e Ordenación Urbana), sexa necesario dictar unha serie de disposicións de obrigado cumprimento ó amparo dos artigos 25.2 e 26.1 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, co obxecto de que, tanto os veciños como outras persoas procedentes ou domiciliadas en Concellos distintos ó noso, non prexudiquen coa súa actuación as referidas aspiracións de dispoñermos dun Municipio limpo e ordenado.

A tal fin establécense, en base ós artigos 49, 70.2, e 84 da referida L.R.B.R.L., e o artigo 4.1, do R.D. 2568/86, na presente Ordenanza as instrucións que se coidan necesarias para conseguir a finalidade pretendida.

### **ARTICULADO:**

**Artigo 1º.**– Prohíbese a tódolos comercios existentes no Municipio a exposición ó público, fóra dos seus locais, dos obxectos ou artigos que posúan para venda, a non ser que se coloquen dentro de vitrinas, previa autorización municipal, concedida pola Comisión de Goberno.

**Artigo 2º.**– Queda prohibido fixar carteis, "posters", así como a realización de pintadas, graffiti ou semellantes, en tódalas paredes, vallas –incluídos as de obra–, muros, etc., do Municipio.

Exceptúanse os que correspondan a anuncios publicitarios de marcas ou empresas que, de calquera xeito, deben contar coa oportuna autorización municipal.

**Artigo 3º.**– 1.– Queda igualmente prohibido pegar, fixar ou pintar propagandas de todo tipo en postes, farolas, semáforos e outras instalacións semellantes, agás daqueles casos en que, de acordo co artigo 5º, e con ocasión de campañas electorais, vaian a autorizarse.

2.– Prohíbese, así mesmo, a colocación de roupa a secar ou "tendais", nas fachadas dos edificios, balcóns, ventás, azoteas, etc., que sexan visibles, no casco urbano, dende as vías públicas, e, no rural, dende as estradas.



**LTMO. CONCELLO**  
DE  
**CAMBADOS**  
(PONTEVEDRA)

Coas mesmas condicións anteriores, as alfombras só poderán estar colgadas no exterior dos edificios ata as dez da mañá, hora na que obrigatoriamente deberán ser retiradas.

**Artigo 4º.**– Durante os períodos electorais, as formacións políticas que o soliciten, ben directamente, ben a través de empresas que o representen, poderán utilizar os postes do alumado para a colocación de bandeirolas ou similares, que deberán ser retirados dentro da semana seguinte, ó día en que se realizaron as votacións ás que se refería a propaganda.

**Artigo 5º.**– No transcurso de Campañas electorais, os partidos políticos que desexen facer uso do seu dereito a publicitarse mediante carteis ou outra propaganda impresa ou debuxada sobre papel, cartón, madeira, metal ou material plástico, deberano solicitar previamente do Concello, indicando o lugar de colocación, no caso de que desexen utilizar espazos distintos ós que se sinalan no artigo 6º, ou os indicados pola Xunta Electoral de Zona.

**Artigo 6º.**– O Concello confeccionará uns paneis, para ser colocados en lugares estratéxicos, visibles, frecuentados, accesibles e repartidos polo Municipio, co obxecto de facilitarlle a difusión dos actos, accións ou espectáculos ós interesados.

Tales paneis, coas dimensións e configuración axeitados ó lugar de colocación, ubicaranse nos lugares que se sinalan e coas dimensións que igualmente se indican a continuación:

- Proximidades da Praza de Abastos–Centro de Saúde (3x2m)
- Praza de Fefiñáns (2x2m)
- Alameda de Santo Tomé (3x2m)
- Cruce do Riveiro (3x2m)
- Cruce de O Sineiro (3x2m)
- Parques Infantís da Calzada, Modia, Os Miñotos, Couto, Matadoiro, Oubiña (2x2m)
- Cruce C-550–Facho, en A Bouza (3x2m)
- Complexo do Pombal (3x2m)
- Cruce fronte á Torre do Homenaxe.(3x2m)
- Cruce San Antón (3x2m)
- Burgáns (fronte Campo de Deportes).(3x2m)
- Avenida da Coruña. (3x2m)
- Praza da Igrexa de Corbillón (3x2m)
- Adro da Igrexa de Vilariño (3x2m)
- Adro da Igrexa de Castrelo (3x2m)
- Adro da Igrexa de Oubiña (3x2m)



**ALCALDE**  
**ALCALDE**  
**DE**  
**CAMBADOS**  
(PONTEVEDRA)

En tales paneis, responsabilizándose de non deterioralos, as empresas e particulares poderán fixar libremente a súa propaganda. As formacións políticas e sindicais, en épocas non electorais, poderán, pegar libremente a súa propaganda nas mesmas condicións que os particulares.

En períodos pre-electorais e electorais reservaráselles, para as empresas e particulares, unha faixa de 1 x 2m, no marxe dereito que, en cada panel estará sinalado cunha liña en cor azul. Unha vez deducida a referida fracción o resto do panel estará en disposición de ser utilizado polos partidos ou coalicións políticas, cunha ocupación proporcional ó número de candidaturas que concorran á votación.

**Artigo 7º.**— De considerarse necesario, e a xuízo da Comisión de Goberno, tanto na pre-campaña como na campaña mesma —de apreciarse a incapacidade ou insuficiencia dos espazos sinalados para a propaganda—, poderán as representacións dos partidos concorrentes ás Eleccións, demanda-la ampliación dos mesmos naqueles lugares nos que se xustifique a referida falta de espazo, sexa polo número de formacións, polo tamaño da propaganda ou por outra circunstancia que poida estimarse

**Artigo 8º.**— Para o seu uso dentro do Conxunto Histórico de Cambados e os seus arredores, o Concello aprobará, por acordo da Comisión de Goberno, os modelos de vitrinas, anuncios, carteis, etc., que deban ser usados, previo informe da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico-Artístico.

**Artigo 9º.**— Solicitándoo da Comisión Municipal de Goberno, poderá concedérselle ás persoas individuais ou grupos que presenten un deseño, no que poidan apreciarse valores artísticos ou educativos, autorización para a confección de murais en paredes que reúnan as condicións axeitadas, contando previamente coa autorización do propietario.

**Artigo 10º.**— A prol de mellora-lo aspecto deste Municipio, os propietarios de muros confeccionados en bloque de formigón que dean a unha vía pública, deberán encalalos ou pintalos en cor branca ou verde ecolóxico.

**Artigo 11º.**— As leiras, fincas, hortas e solares sen edificar, dentro do solo urbano da Vila, colindantes cunha vía pública e comprendidos no interior dunha liña poligonal imaxinaria, trazada dende a Avenida de Vilariño na entrada á Rúa Villar Ponte, Pazo da Capitana, Pazo de Ulloa, Ruínas de Santa Mariña, cruce Os Olmos con Avenida de Galicia, entrada a Vicente Risco, Brexiño, Matadoiro, inicio da Ponte da Torre, peiraos de Santo Tomé e en T, Pavillón, Estación de Servicio, Instituto de B.U.P., cruceiro da Corniña e remate da Rúa Terra Santa no Cruceiro, deberán estar pechadas con calquera sistema que impida a saída da vexetación interior, co obxecto de elimina-la imaxe de



**ALCALDE**  
**ALCALDE**  
**DE**  
**CAMBADOS**  
(PONTEVEDRA)

abandono que ofrecen algúns dos mesmos.

Poderá o Concello, en caso de incumprimento, xustificando a necesidade, proceder ó peche dos referidos espazos pasando o cargo correspondente ós propietarios, quen deberán satisfacerlo importe nos períodos regulamentarios, de acordo co establecido polo artigo 246, Texto Refundido da Lei sobre o Réxime do Solo e O.U.

**Artigo 12º.**— Os propietarios de edificacións abrangidas dentro da liña poligonal á que se refire o artigo anterior, deberán cooida-lo aspecto exterior das mesmas, podendo o Concello esixirlle, caso de incumprimento, as obras necesarias e, incluso, levalas a cabo pasándolles ós mesmos o cargo correspondente.—

**Artigo 13º.**— Publicándose un Bando tódolos anos por esta Alcaldía, ó principio da Primavera, e en evitación da súa repetición, establécese pola presente Ordenanza, que as obras de adecentamento e ornato dos edificios, quedarán exentos da Taxa e Imposto municipais, dende o mes de abril ó de xuño, inclusive, dos anos de vixencia desta Ordenanza.—

**Artigo 14º.**— Tódolos propietarios de muros, vallas, paredes, etc., poderán colocar neles un anuncio no que se exprese a prohibición de fixar carteis, sen que a ausencia de tal anuncio, poida entenderse como autorización para poder fixar ou pintar sobre os mesmos.

**Artigo 15º.**— Os matos e outra vexetación non decorativos, colindantes con estrada, rúa ou camiño público, deberán de ser recortados coa finalidade de non invadiren espazos destinados ós transeúntes. De non facelo os propietarios, encargárase o Concello de levalo a cabo con gastos a cargo daqueles.

**Artigo 16º.**— Os infractores desta Ordenanza serán sancionados con multa de 1.000 a 5.000 ptas., por cada pintada, cartel, póster, pegatina, bandeirola ou similar que, no caso de propaganda política pasados 10 días de rematada a correspondente campaña electoral, permaneza no lugar en que ficou durante a mesma. Igual sanción aplicarase, e en todo tempo, ás empresas responsables no caso de utilización de espazos non autorizados.

**Artigo 17º.**— En relación cos partidos políticos ou candidaturas que participen en eleccións serán responsables, ós efectos de satisfacer as sancións impostas e comunicadas, as persoas que figuren como Presidentes das Xuntas Locais e, no seu defecto, Provinciais, ou a empresa anunciadora, no seu caso.

**Artigo 18º.**— As sancións comunicaranse ós presuntos infractores ou ós seus representantes, sinalándolle-lo importe para satisfacer a multa respectiva, así como os recursos e prazos que correspondan segundo a lexislación vixente para a presentación



ALCALDE. CONCELO

DE

CAMBADOS

(PONTEVEDRA)

de alegacións ou reclamacións. Transcorridos os prazos regulamentarios sen facer fronte ó importe da débeda contraída, incorrerase nos recargos que a Lei prevé e serán esixidas pola vía de apremio.

**Artigo 19º.**— A Policía Municipal será a encargada da vixianza do cumprimento desta Ordenanza, debendo denuncia-las infraccións observadas, ben de oficio ou ben por denuncia de particulares e, previa comprobación, neste segundo caso, pasaranse tódalas denuncia á Alcaldía, por se procede sanciona-la infracción observada.

**Disposicións transitorias.**—

**Primeira.**— No prazo de dous anos, a contar da entrada en vigor da presente Ordenanza, tódolos anuncios existentes, agás os pertencentes á actual empresa concesionaria de publicidade en postes metálicos, que en todo caso durarán ata que se extinga a concesión, deberán adaptarse, ós modelos que aprobe o Concello.

**Segunda.**— Concederase un prazo de tres meses, contados dende a entrada en vigor desta Ordenanza, a fin de que os particulares e os partidos políticos responsables, procedan á retirada ou á cubrición da propaganda, tanto impresa en papel como pintada directamente. Caso de coincidir en parede dun material diferente á pedra, a cubrición efectuarase con pintura que non desentone coa cor da parede; de ser esta de pedra deberá limparse e, en caso de que proceda a cubrición farase coidando de non prexudicar á mesma.

**Terceira.**— Transcorridos os prazos sinalados nas Disposicións anteriores, sen que polos propietarios ou responsables, de anuncios ou propaganda, se efectúe a retirada á que se refiren ditas disposicións, o Concello quedará facultado para efectua-la retirada de carteis, anuncios, pintadas e demais propaganda, con cargo ós infractores, informándoos, en todo caso, do inicio da citada acción, por parte de persoal do Concello.

**Disposición final.**— A presente Ordenanza entrará en vigor a partir do décimo quinto día ó seguinte de aquel en que se publique integramente no Boletín Oficial da Provincia.

Cambados, a 28 de marzo de 1.996

\*\*\*\*\*

**DILIXENCIA.**: Póñoa eu, o Secretario, para facer constar que a presente Ordenanza foi mofidicada, por acordo do Pleno da Corporación, de data vinteoito de marzo de mil novecentos ~~noventa e seis.~~—

O SECRETARIO

**CAMBADOS****E D I T O**

Elevándose automáticamente a definitivo o acordo de aprobación inicial da modificación puntual da Ordenanza Reguladora do Ornato da Vila de Cambados e dos seus arredores, polo que se engaden no seu artigo 3º) dous parágrafos de nova redacción, dando cumprimento ó disposto polo artigo 70.2) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, faise público o texto íntegro do referido artigo modificado, que é do seguinte tenor literal:

“Artigo 3º.—1.—Queda igualmente prohibido pegar, fixar ou pintar propagandas de todo tipo en postes, farolas, semáforos e outras instalacións semellantes, agás daqueles casos en que, de acordo co artigo 5º, e con ocasión de campañas electorais, vaian a autorizarse.

2.—Prohíbese, así mesmo, a colocación de roupa a secar ou “tendais”, nas fachadas dos edificios, balcones, ventás, azoteas, etc., que sexan visibles, no casco urbano, dende as vías públicas, e, no rural, dende as estradas.

Coas mesmas condicións anteriores, as alfombras só poderán estar colgadas no exterior dos edificios ata as dez da mañá, hora na que obrigatoriamente deberán ser retiradas.”

Cambados, a 3 de xuño de 1.996.—O Alcalde, ilexible. 7080

**E D I T O**

Convocada Oposición libre para a provisión, como funcionarios de carreira, de dúas prazas de Gardas da Policía Local, e dando cumprimento ó disposto pola Base 3º, faise pública a relación provisional de admitidos e excluídos, aprobada por Resolución da Alcaldía desta mesma data, quedando exposto ó público o expediente, por termo de 15 días hábiles, a contar do seguinte ó da inserción do presente Edicto no B.O.P., podendo ser examinado e presentarse, durante dito prazo, as reclamacións ou observacións que se coiden oportunas, mediante escrito dirixido ó Sr. Alcalde do Concello.

*Admitidos:*

- 1º.—ABUIN TUBIO, Manuel
- 2º.—CHARLIN RODRIGUEZ, Laureano
- 3º.—DIAZ FIGUEIRAS, Manuel
- 4º.—DUARTE SOLLA, Antonio
- 5º.—DUARTE SOLLA, José Manuel
- 6º.—FARIÑA ESCUDEIRO, Luísa
- 7º.—FERNANDEZ PIÑEIRO, José Manuel
- 8º.—LEAL SARANTELLOS, Mª Auxiliadora
- 9º.—MARTINEZ SANCHEZ, Jorge Alberto

- 10º.—MARTINEZ VARELA, José Benito
- 11º.—MORAÑA BARREIRO, Miguel Angel
- 12º.—NOVAS RODRIGUEZ, Berta
- 13º.—OTERO PADIN, Santiago
- 14º.—PIÑEIRO PAZ, Mª Pilar
- 15º.—PIÑEIRO RODRIGUEZ, Oscar
- 16º.—RAMILO GONZALEZ, Ana Isabel
- 17º.—REY FRANCO, Julio
- 18º.—RIAL GALIÑANES, Juan Ramón
- 19º.—RIVAS BARCIA, Evaristo
- 20º.—ROMERO ARAGUNDE, Benito
- 21º.—SEOANE MONTES, Javier
- 22º.—SUAREZ RODRIGUEZ, Emilio
- 23º.—VARELA ABOY, José Luís
- 24º.—VARELA TOURIS, Carlos

*Excluídos:*

- \* CHAVES MISER, Evaristo (1)
- \* DIZ GARCIA, Luís (2)
- \* GOMEZ RIOS, Constantino (1)
- \* LOPEZ SANCHEZ, Alberto David (3)
- \* NUÑEZ OTERO, Francisco Javier (1)
- \* RIVADULLA LAGE, José (2)

(1) Exceder da idade regulamentaria.

(2) Documentación incompleta.

(3) Non ter aboados os dereitos de exame.

Cambados, a 3 de xuño de 1.996.—O Alcalde, ilexible. 7082

**E D I T O**

Elevándose automáticamente a definitivo o acordo de aprobación inicial da Ordenanza Reguladora dos límites de ruidos e vibracións, adoptado en sesión plenaria do 28.03.96, e dando cumprimento ó establecido polo artigo 70.2) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, faise público o texto íntegro da mesma, que é o seguinte:

**PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL  
REGULADORA DOS LIMITES DE RUIDOS  
E VIBRACIONES**

**TITULO I.—DISPOSICIONS XERAIS**

*Artigo 1º.*—A presente Ordenanza regula as actuacións do Concello e as obrigacións dos seus habitantes, dentro do termo municipal de Cambados, orientadas a evita-las perturbacións que se poidan ocasionar por produción de ruidos ou vibracións que causen molestias ou resulten perigosos.

*Artigo 2º.*—Quedan sometidas ás súas prescripcións, de obrigatoria observancia dentro do término municipal, tódalas instalacións, aparatos, activida-